

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia na inauguración da exposición *O poder da palabra. 40 anos do Parlamento de Galicia. 1981-2021*

Salón dos Reis do Parlamento de Galicia, 15-12-2021 // 13,00h.

- Presidente da Xunta de Galicia,
- Comisario da exposición,
- Expresidentes do Parlamento de Galicia,
- Membros da Mesa, portavoz e representantes dos Grupos Parlamentarios,
- Valedora do Pobo,
- Presidenta do Consello da Cultura Galega,
- Senadores/as,
- Deputados/as,
- Autoridades,
- Señoras e señores:

Coa esperanza de poder recuperar a normalidade logo das limitacións derivadas da pandemia por covid-19, as miñas primeiras palabras deben ser, necesariamente, de agradecemento sincero a todas e todos vostedes por nos acompañaren neste acto e por arrouparen coa súa presenza a inauguración desta exposición conmemorativa do 40 aniversario do Parlamento de Galicia, enmarcada, como outras actividades análogas celebradas nos últimos meses, na conmemoración das catro décadas de vida —de vida exitosa, cómpre subliñalo— da autonomía política de Galicia.

Digo con moita frecuencia que a sociedade galega arrastra un grave déficit de coñecementos históricos, da nosa propia historia, tanto da máis remota como de feitos relativamente recentes, poñamos por caso os inicios da nosa autonomía e a posta en funcionamento das institucións autonómicas, como a Xunta ou o propio Parlamento de Galicia.

É esta a razón que nos animou a organizar esta mostra, que aos de maior idade axudará a refrescar a memoria e aos máis novos achegará

acontecementos descoñecidos para a maioría mais esenciais na evolución rexistrada por Galicia durante estes corenta últimos anos.

Trátase dunha exposición concibida a partir de tres premisas básicas: que fose amena, didáctica e absolutamente rigorosa.

Sentadas estas bases, non resultou necesario ser moi imaxinativos para concluímos que ninguén mellor que o profesor Ramón Villares, catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela, da que tamén foi reitor, expresidente do Consello da Cultura Galega e autor prolífico no ámbito da historia e disciplinas afíns, para comisariar a mostra.

Acompáñano nesta tarefa Miguel Anxo Seixas Seoane e Gustavo Hervella García, integrantes do Grupo HISTAGRA (Historia Agraria e Política do Mundo Rural, séculos XIX e XX); mentres que o deseño gráfico correu a cargo de Xosé Díaz Arias, descendente dunha saga familiar intensamente vinculada coa historia autonómica e cultural de Galicia, e mesmo con esta casa.

O complemento natural desta mostra chegará máis adiante, coa edición dun libro que fará repaso, desde unha óptica plural, achegada por académicos de prestixio das nosas universidades, a estas catro décadas de historia autonómica de Galicia, as catro décadas máis fecundas e de maior estabilidade de toda a nosa historia milenaria.

Neste tempo de globalización, de realidade líquida e de *fake news*; neste tempo de inmediatez, a reflexión sosegada continúa a ser necesaria —se cadra máis ca nunca— para suplirmos e complementarmos o xuízo apresurado condensado nuns poucos caracteres.

O libro, sexa no formato que sexa, tórnase un recurso imprescindible, e así o entendemos nesta Cámara, tamén, por suposto, para perpetuar a historia da autonomía galega.

Estamos —e retorno xa á exposición que hoxe inauguramos— ante un traballo colectivo, obxectivo e ameno, que repasa os feitos máis



salientables destes 40 anos de historia parlamentaria de Galicia e que xorde con vocación de itinerancia.

É ben coñecida a estratexia desta Cámara por se abrir á sociedade: que a xente veña ao Parlamento, que o coñeza, e mesmo que participe na actividade parlamentaria, ben a través do contacto directo cos seus representantes, ou ben a través das diferentes ferramentas de participación que poñemos ao seu dispor, logo de seren potenciadas e ampliadas en datas recentes.

Pero, no marco deste empeño, queremos tamén un Parlamento a pé de rúa, preto da xente, como fixemos levando actividades a diferentes lugares do territorio e como faremos, a partir do vindeiro mes de marzo, coa itinerancia desta exposición, que, desde xa, ofrezco a cantas institucións teñan interese en albergala.

Hai xa 77 anos, un afastado 15 de novembro de 1944, constituíase o Consello de Galiza en Montevideo —con xustiza considerado daquela, xunto con Bos Aires, unha das “metrópoles da Galicia libre”¹—. O Consello, liderado por Castelao e coa participación inicial doutros tres deputados galegos da República (Alonso Ríos, Elpidio Villaverde e R. Suárez Picallo), nacia para “defender a derradeira vontade de Galicia..., que arrinca legalmente do Estatuto plebiscitado en 1936”. É dicir, como depositario da lexitimidade histórica deturpada pola ditadura, e arelando un horizonte de democracia e autonomía para Galicia.

Este Parlamento custodia, desde 1994, o libro de contas do Consello de Galiza correspondente ao período comprendido entre 1945 e 1968; así como o libro de actas do período 1961-1969, entre outra documentación integrada nun valioso legado doado no seu momento a esta Cámara pola familia do Daniel Calzado, galeguista histórico, aos que volvemos agradecer a súa xenerosidade.

Entenderon, con entendemos nós, que poucos lugares resultan tan acaídos coma este Parlamento para preservar e divulgar documentación histórica destas características. Os servizos da Cámara

preservarán con rigor e seguranza calquera outro legado documental que os seus depositarios consideren ofrecer á Comunidade Autónoma.

Pois ben, case 80 anos despois da data fundacional do Consello de Galiza, a experiencia destes 40 anos de democracia e autonomía de Galicia, permítenos facer balance e afirmar alto e claro: MISIÓN CUMPRIDA.

- Misión cumprida por termos dotado Galicia dunha democracia avanzada e de institucións sólidas que exercen o noso autogoberno desde unha óptica inclusiva que a ninguén exclúe.
- Misión cumprida por xestionarmos a autonomía con responsabilidade e plena lealdade ás restantes institucións do Estado.
- Misión cumprida por centrarmos o traballo das institucións nas necesidades das persoas e velarmos pola concordia entre as galegas e galegos.
- Misión cumprida por traballarmos cada día ao servizo da xente na terra dos bos e xenerosos; na Galicia “Nai e señora” da que, nun día coma hoxe, agora e sempre, nos sentimos lexitimamente orgullosos.

Somos debedores do legado de homes como Castelao, como González López ou como Madariaga, no exilio exterior; de Ramón Piñeiro ou Otero Pedrayo, no exilio interior; de personalidades como Filgueira Valverde, que traballaron desde as institucións ao servizo de Galicia; da memoria das vítimas, do sufrimento e da enteireza das súas familias; e tamén, en suma, da totalidade das galegos e galegas que sobrelevaron con dignidade a longa noite de pedra que rematou con éxito na alborada democrática que deu paso á Constitución e ao Estatuto de Autonomía que sosteñen o autogoberno de Galicia.



Longa vida a Galicia, á súa autonomía e ao seu Parlamento!

ⁱ Villares, Ramón. *Os exilios Ibéricos, Unha ollada comparada. Nos 70 anos da Fundación do Consello de Galiza*. Consello da Cultura Galegas, 2017. Obra colectiva. <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4305>